


HOMENAXE A CONCEPCIÓN ARENAL

—
LIED

Letra de Concepción Arenal
Música de Miguel Brotóns



ALMA DE XUSTIZA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FORA DE COLECCIÓN

ALMA DE XUSTIZA

Letra: Concepción Arenal

Música: © Miguel Brotóns Pérez

UNIVERSIDADE DA CORUÑA. SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

A Coruña, 2026 (1ª edición)

Fora de colección, FC-23

20 páxinas

ISBN: 978-84-9749-923-1

DOI: <<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498231>>

EDICIÓN

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, <<https://udc.gal/publicacions>>

DESEÑO

Juanjo Seijas



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative Commons Atribución-NonComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0).

Lied para soprano e piano
Concepción Arenal (letra)
Miguel Brotóns (música)

Alma de xustiza

—

Homenaxe a Concepción
Arenal



PRESENTACIÓN

Ana Ares Pernas,
Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Presentar *Alma de xustiza* no Salón de Actos Concepción Arenal do Campus de Ferrol constitúe moito máis ca un acto cultural: é un exercicio de memoria, de identidade e de compromiso co legado dunha das figuras máis universais nadas nesta cidade. Facémolo, ademais, no 4 de febreiro, aniversario do falecemento de Concepción Arenal, o que dota este encontro dun especial sentido de lembranza e gratitude. Arenal, intelectual rigorosa e incansable reformadora social, dedicou a súa vida a pensar a xustiza desde a compaixón, a educación e a dignidade humana. O seu pensamento, lonxe de pertencer só ao século XIX, segue iluminando o noso tempo e interrogándonos con forza ética.

A obra que se presenta, un *Lied* composto por Miguel Brotóns Pérez, catedrático de música e creador dunha extensa produción sinfónica e liderística, dialoga coa palabra de Arenal desde a sensibilidade musical contemporánea. Brotóns, coñecido pola súa capacidade para fundir literatura e música nun discurso íntimo e expresivo, atopou neste proxecto unha maneira de devolverlle a voz á autora, de permitir que os seus principios —xustiza, igualdade, educación, humanidade— resoen no presente a través dunha linguaxe sonora profunda e vibrante.

Alma de xustiza nace como homenaxe, pero tamén como ponte: entre a palabra escrita e o territorio emocional da música; entre a tradición ferrolá e a creación actual; e entre os ideais de Arenal e os desafíos que hoxe seguimos afrontando como sociedade. A obra liga a forza ética dos textos desta pensadora coa riqueza harmónica dun lied concibido para convidarnos á reflexión e á escoita activa, en definitiva, para lembrarnos que a cultura é tamén vehículo de transformación social.

Que sexa precisamente neste espazo —o Salón de Actos Concepción Arenal do Campus de Ferrol— onde presentemos a composición, confírelle ao acto dun significado especial. Aquí, no corazón dun campus que leva o seu nome e que procura promover a igualdade, a responsabilidade social e a formación crítica, Arenal recobra presenza, palabra e alento.

Con esta edición e esta estrea, celebramos non só unha creación musical de grande valor artístico, senón o que esta obra representa: a continuidade dun legado que nos inspira a ser unhas persoas máis xustas, máis humanas e máis conscientes do noso papel na construción do ben común.

ALMA DE XUSTIZA

José Luis Aulet, Xuíz e doutor en Dereito.

Alma de xustiza é unha composición en forma de *Lied* do catedrático e compositor Miguel Brotóns, que foi concibida como homenaxe a Concepción Arenal (Ferrol, 1820 – Vigo, 1893), xurista e escritora fundamental na historia do pensamento social español. A composición constrúese a partir de fragmentos dos seus textos, para propoñer, a través da música e da palabra cantada, unha reflexión profunda sobre cuestións cuxa importancia segue a ser plenamente vixente: a xustiza, a dignidade humana e a necesidade de reforma social.

O carácter intimista propio do *Lied* favorece unha escoita atenta e reflexiva, na que a voz humana e o acompañamento musical establecen un diálogo directo co pensamento de Concepción Arenal. Ese diálogo permite que as súas ideas non só sexan evocadas, senón tamén experimentadas desde unha dimensión emocional, o que ofrece a quen escoita un espazo de recollemento no que ética e sensibilidade se entrelazan.

Alma de xustiza forma parte da *Triloxía dos Lieder* do compositor Miguel Brotóns dedicada a ilustres escritores e escritoras de Ferrol, que integran as obras *Ferrol 1916*, en homenaxe a Ricardo Carballo Calero, *Off-Side*, en memoria de Gonzalo Torrente Ballester, e esta nova composición dedicada a Concepción Arenal. Conxuntamente, estas composicións establecen unha ponte entre música, literatura e pensamento, que pon en diálogo a creación artística coa memoria intelectual dunha cidade profundamente ligada á cultura no sentido máis amplo da palabra.

Do punto de vista musical, a obra gravita esteticamente dentro das correntes neoclásicas e posrománticas, con pinceladas contemporáneas, nas que se combinan momentos de lirismo e tensión. Trátase dunha creación que nace como obra independente en forma de *Lied* da composición camerística *Nocturno*, do propio autor, onde se exploran diversas texturas harmónicas e dinámicas expresivas que reflicten os contrastes do pensamento de Concepción Arenal: a súa sensibilidade ante o sufrimento humano e a súa firmeza na denuncia das inxustizas.

Con esta obra non só se rende tributo a unha figura histórica de primeira orde, senón que se reivindica a actualidade do seu legado. Nun tempo no que as preguntas sobre a xustiza, a equidade e a defensa das persoas máis vulnerables continúan a ser urxentes, *Alma de xustiza* preséntase como unha achega cultural que contribúe a manter viva a palabra de Concepción Arenal, lembrándonos que a arte pode ser tamén un espazo de compromiso ético e reflexión cívica.

Composición estreada o día 4 de febreiro de 2026 no Salón de Actos Concepción Arenal do Campus de Ferrol (Universidade da Coruña), coa actuación da soprano Patricia Rodríguez Rico e do pianista Alejo Amoedo Portela.

ALMA DE XUSTIZA

—

Homenaxe a Concepción Arenal

Lied
soprano e piano

Letra
Concepción Arenal

Música
Miguel Brotóns

ALMA DE XUSTIZA

A persoa que se levanta é aínda máis grande que a que non caeu.
Abride escolas e pecharán os cárceres.
O amor vive máis do que dá que do que recibe.
As malas leis acharán sempre, e contribuirán a formar, persoas peores que elas,
encargadas de executalas.
A inxustiza é mala, é horrible exercida contra un malpocado.
Loito polos dereitos das mulleres, a dignidade humana universal, a xustiza do
deber e a compaixón.
Creo na igualdade de xénero e o acceso universal á educación.
Odia o delito e compadece o delincente. O meu pensamento de xustiza e
compaixón social. Con vontade e optimismo a pesar das dificultades sociais.
A compaixón, boa sempre, é en moitos casos a celestial precursora da xustiza.
Os pobres serían o que son, se nós fósemos o que debésemos ser?
Substituír o amor propio co amor dos demais, é cambiar un insufrible tirano por
un bo amigo.
Colectividade que non sabe pensar, non pode vivir.
Xustiza e igualdade entre homes e mulleres.
Concepción Arenal, a voz que clama no deserto polos pobres e malpocados.
Xustiza e caridade; xustiza e liberdade entre as persoas.

ALMA DE XUSTIZA

Lied

Música de Miguel Brotóns

[illegible]

13 *a tempo*

13 *apasionato*

mf *ff*

3

17

21 *cantabile molto espressivo*

mf A per-so - a — que se le-

mf cantabile molto espressivo

25 van - ta — é — a - ín - da - máis gran - de quea que non ca - eu.

p A - bri-dees-co-las e

3

29

pe - cha-rán os cár-ce-res. O a - mor vi-ve máis do que dá, máis do que dá

p *p* *f*

33

que do que re - ci - be.

poco rit.

mf *poco rit.*

37 **Poco più mosso**

apasionato

As ma - las leis a - cha-rán sem - pre, e con-tri-bui-rán

ff *f* *mf*

41

a for-mar, per-so - as peo - res que e - las, en-car-ga-das de e - xe-cu - ta - las.

f

ALMA DE XUSTIZA

44 **Meno mosso** **Poco più mosso** *accelerando* *poco rit.*

Ain-xus-ti-cia é ma-la, é ho-rri-blee-xer-ci-da con-traun mal-po-ca-do.

p *mf* *p* *accelerando* *poco rit.* *ff*

47 *a tempo* *rit.* *a tempo*

Loi-to po-los de-rei-tos das mu-lle-res,

f *sempre apasionato* *mf* *f*

50 *a* dig-ni-da-dehu-ma-na u-ni-ver-sal, a-xus-ti-za do de-ber é a com-pai-xón.

>mf *f* *>mf* *f*

54

54

58 *sempre espressivo*

Cre - o nai-gual-da-de de xé - ne-ro eoac - ce - so u-ni-ver-sal á e-du-ca-ción.

p *mf* *mf* *f*

sempre espressivo

p *mf* *mf* *f*

62 *parlato*

Igualdade de xénero e educación universal.

f

f

66

O-diao de-li - to e com-pa - de - ceo de-lin-cuen - te. O meu pen-sa-men-to de xus-

f *mf* *mf*

f *mf* *mf*

70

ti - za e com-pai-xón so-cial. Con von - ta - de eop-ti - mis - mo a pe -

f *mf*

f *mf*

74

rit.

sar das di - fi - cul - ta - des so - cia - is, a pe - sar das di - fi - cul - ta - des so - cia - is.

mf *f*

mf *rit.* *f* *mf*

78 *a tempo* *rit.* **Primo tempo**

A per-so - a que se le-

mf *cantabile molto espressivo*

mf *rit.* *mf* *cantabile molto espressivo*

82

van - ta é a - in - da máis gran - de quea que non ca - eu.

p A - bri-dees-co-las e

p

86

pe - cha-rán os cár-ce-les. O a - mor vi - ve máis do que dá, do que dá

p *f*

p *f*

90 *parlato rit. a tempo*

que do__ que re - ci - be. O amor vive máis do que dá que do que recibe.

mf *rit.*

94 **Andante ma non troppo**

ff ad libitum *p* *ff*

98

f *ff* *f* *ff* *f* *ff*

102 *a tempo parlato*

A compaixón, boa sempre, *mf*

f *mf* *mf cantabile molto espressivo*

106

é en moitos casos a celestial precursora da xustiza. Os pobres serían o que son, se nós fôsemos o que debésemos ser?.

110

Substituír o amor propio co amor dos demais, é cambiar un insufrible tirano por un bo amigo. Colectividade que non

114

sabe pensar, non pode vivir.

apasionato

Xus - ti - za ei - gual -

*mf**apasionato**f*

118

da - de en - treho - mes e mu - lle - res Con - cep-ción A - re-

*mf**f**mf*

122

nal, — a voz que cla - ma no — de - ser - to po - los — po - bres e mal - po -

f *mf* *f* *mf* *f* *p* *mp* *p*

126 *accelerando*

ca - dos. Xus - ti - zae ca - ri - da - de; xus - ti - zae li - ber - da - de en - treas per -

mp *p* *mf* *f*

129 *Andante*

so - as.

ff *ff* *apasionato*

132

ff

